



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BART-AU / 2018

Expediente: 2018000005492

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN PROVISIONAL DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2018- ÁREA DE AUDIOVISUAL

Dona MARÍA GORETTI SANMARTÍN REI, Presidenta en funcións da Deputación Provincial da Coruña

Logo de ver os seguintes antecedentes:

Primeiro.- Por Resolución da Presidencia 15224, do 03/05/2018 , aprobáronse as Bases Reguladoras das BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2018- Área de audiovisual publicadas no BOP nº 85, do 07/05/2018.

Segundo.- De acordo coas bases da convocatoria, por resolución da presidencia número 22552, do 27/06/2018, designáronse os membros do tribunal que se reuniu os días 4 e 17 de xullo de 2018.

Terceiro.- A totalidade das solicitudes referidas nesta resolución foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria e, agás as non admitidas, cumpren cos requisitos establecidos nela.

Cuarto.- Na partida orzamentaria 0612/3262/481 do Orzamento Xeral desta Deputación para o exercicio 2018, existe consignación orzamentaria para facer fronte á concesión das bolsas propostas.

Quinto.- Constan no expediente o informe da Unidade Xestora, as puntuacións outorgadas e as actas do tribunal calificador.

RESOLVO:

1.-Aprobar as puntuacións das persoas solicitantes que se relacionan no Anexo 1.

2.- Conceder provisionalmente as bolsas ás persoas solicitantes que se relacionan no Anexo 2, polos importes que se indican, con cargo á partida orzamentaria 0612/3262/481, sendo o importe total proposto de 18.000,00 €.

3.- Publicar a presente resolución provisional na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A título informativo, publicar esta resolución no taboleiro de edictos e na páxina web da Deputación.

4.- Abrir un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución provisional na web da Deputación Provincial da Coruña, para que as persoas solicitantes poidan comunicar, se é o caso, o desestimento da solicitude, presentar alegacións ou presentar emenda de erros . Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte das persoas solicitantes se formule desestimento expreso, a subvención considerarase aceptada tácitamente.

5.- A presente resolución provisional non xera dereito ningún a favor das persoas beneficiarias propostos. Só a publicación da resolución definitiva xerará estes dereitos.

ANEXO 1. PUNTUACIÓNS

NOME E APELIDOS	CURRICULUM	OUTROS	INTERESE	PROBA	TOTAL PUNTOS
ANDRÉS FERNÁNDEZ-ALBALAT PÉREZ 47439321G	3,00	1,00	3,50	0,00	7,50
CRISTINA BODELÓN MACEIRAS 46908109T	4,00	2,00	2,25	0,00	8,25

ANEXO 2. CONCEDIDAS PROVISIONALMENTE

<p>Persoa Beneficiaria ANDRÉS FERNÁNDEZ-ALBALAT PÉREZ</p> <p>NIF: 47439321G</p> <p>Expediente: 2018000026084</p> <p>Obxecto: Programa de postgrado de creación fílmica na Elias Querejeta Zine Eskola, en Donosti</p>	9.000,00
<p>Persoa Beneficiaria CRISTINA BODELÓN MACEIRAS</p> <p>NIF: 46908109T</p> <p>Expediente: 2018000029045</p> <p>Obxecto: Master de dirección de cine na Escola ESCAC, en Barcelona</p>	9.000,00